

Amigas e amigos.

Hónrame poderlles apresentar a dous grandes amigos e compañeiros e coñecidos de vello con quen compartín momentos iniciáticos en Monforte de Lemos, con que compartín os silencios das rúas de Lugo, con quen paseei a memoria circular da muralla desde a que coa punta dos meus dedos peiteei os ceos próximos e veloces de outonos tan fermosos como este que hoxe na Coruña nos acompaña, coa súa luz case submariña. Co escritor Lois Diéguez, autor do libro *Viaxe ás terras encantadas de Lemos*; Manuel María, desde ha algúns tempo viciño coma min da cidade da Coruña, aínda que Manuel María nunca deixou de viver nas terras tamén encantadas de Outeiro de Rei.

Con eles estamos apresentando este libro, estamos a facer unha outra viaxe, desde a vendima á castañeira, percorremos as terras de Lugo e A Coruña.

O escritor Lois Diéguez, que é narrador e poeta cun poemario *Primeiro albre de esperanza*, de 1966, e desde entón alternando narrativa e poesía, acada o premio Branco Amor no 1986 con o libro *A canción do vagamundo*, e máis recentemente publicou *Monólogo no espello tres sombras góticas e unha rosa*, colabora cunha fermosa serie xornalística en A Nosa Terra, A serpe dos camiños, que pensamos ver publicado no futuro. E hoxe tráenos esta verdadeira xoia como so un ourive sabe traballar a prosa de viaxe como unha materia literaria tan luminosa como o torques de Burela.

Este libro, primeiro dunha colección viaxes de Edicións A Nosa Terra, era unha vella ilusión de quen lles fala, e que tivo un longo proceso de elaboración por parte da equipa editora no deseño dos contidos e no deseño do formato final. No deseño dos contidos pensamos nunha colección con precedentes na nosa literatura e no formato xornalístico como Andando a terra de Manuel María, sen esquencer a extensa e fértil serie de escritores viaxeiros que, ao longo da historia falaron de países estraños con livros como *De París a Xerusalén*, ou de Flaubert a Exipto, ou De Pier Loti a Marrocos, ou de Kiplin ao Xapón.

Nós quixemos facer unha colección de viaxes feitas por escritores galegos sobre Galiza, sobre os territorios fundamentalmente da infancia e adolescencia do escritor, que son os seus verdadeiros territorios míticos, como forma de acadar unha guía onde, sobre todo e por riba de todo, primara a literatura, o xeito literario de narrar na descripción das paisaxes, no relato da historia do patrimonio cultural tan fértil da nosa nación.

Outro dos parámetros foi o de coller unha bisbarra ou comarca ou *terra de...* e facer con varios concellos un percorrido con entidade cultural social e histórica propia a terra de Lemos, Ferrolterra, a Terra Cha, a Terra de Taboirón, a terra do Deza, as terras do Ribeiro, a terra de Monterroso, etc, etc, porque en definitiva foron terras, unidades territoriais con historias diferenciadas que conformaron a historia de Galiza e porque tamén é un xeito editorial de axudar a conformar os territorios históricos en territorios literarios, como ben nos ten demostrado coa Terra Cha o poeta Manuel María ou co Caurel Uxío Novoneyra

O traballo dos autores, e como proba é este libro, traballaron intensamente percorrendo os lugares, falando cos veciños do lugar, moitas veces verdadeiros informadores. Canta cultura se está a perder por non recoller a tradición oral. Quedan só dez anos para que se consume a desfita. Os nosos autores fixeron fotos que unha parte delas foron seleccionadas, as

suficientes para dar imaxes á viaxe, mas non tantas que fixeran perder o alento de obra literaria. O proxecto editorial que percorreu as formas de editar de países como Italia no formato, ou de Inglaterra e a Francia nos contidos, até dar co que nos necesitavamos editorialmente: un libro fermoso fácil de levar e ao mesmo tempo obxecto literario en si mesmo, que perdure como obra literaria e, dada a necesidade de facer livros para durar ao longo do tempo como obras literarias, necesitavamos que as fotografías seleccionadas fosen tratadas até coller un certo ar de obra pictórica, cun certo ar de intemporalidade, con tratamiento infográfico.

Así chegamos a este primeiro libro da colección que lles presentamos hoxe. Dicíalles ao comenzo que era unha presentación moi especial para min por compartir esta mesa cos escritores e amigos e cos compañeiros desde ha mais de vintecinco anos, sin o cais non sería entendivel a historia política e cultural da nosa nación no cuarto de século final.

Manuel María e Lois Diéguez, e no centro de gravidade da nosa relación, Lugo xungido con Ourense por un dos traxectos en tren más fermosos da nosa nación, con parada en Monforte, onde estaba a casa de Manuel e de Saleta, casa fraterna e acollidora para todo aquel que tivese a Galicia como anceio de avrente.

Invítolles a percorrer as terras encantadas de Lemos da man do noso autor, a terra de Lemos que acollen un monte forte desde o que no noso viaxeiro nos fai soñar e viver unha realidade de soño.

É un libro rigoroso, entrañábel, poético e rebordante de ternura para con unhas terras xenerosa para que a ela se achega de corazón aberto a se recoñecer na historia sempre fértil da nosa nación, dunha natureza rebordante desde onde eu sempre troixen a Lugo as primeiras mimosas cando o inverno se deixaba acariñar polos seus amarelos, e o sol tingüía de ouros a miña soildade.